



GOLDI LIBRE

**AUTORRETRATO DUN
INSUBMISO PRESO NOS CÁRCERES
DE FELIPE GONZALEZ**

GOLDI LIVRE



MÉRCORES 22 de MARZO

Concentración de Recebimento ás 20,30 na Praza do Toural
Festa de homenaxe ás 22,30 no Tarasca

Actúan: Quico Cadaval
Fran Delgado

Organiza:

MILL

COMUNICACIÓN
CULTURAL

Patrocina:



Patrocina

CÉSARGOLDI

Sempre que vexo este título non podo evitar pensar en Felipe González como un Saurón residente no Mordor Enerxético. Pero a «Grande esperanza Branca» do Socialismo xa era quen entón de encarcerar aos insubmisos, aos desobedientes. «Os insubmisos entraban no cárcere por decisión propia, o que lles daba unha forza que desbordaba a lóxica xudicial.» Moitas veces me pregunto de que nos acusarían hoxe aos insubmisos: de Rebelión? De Sedición?

Pero *Goldi Libre* non vai de todo isto. Sempre aniñou en min, iso si, a necesidade de reivindicar a Memoria Histórica da Insubmisión como o primeiro grande movemento social da Democracia Española. Un movemento que cuestionaba directamente o Nacional Catolicismo máis Rancio, cun baluarte que era o Exército, e que fuxía das vellas formas da loita anti-franquista, marcadas polas xerarquías políticas e pola violencia (a clandestinidade impuña as súas regras por necesidade), dando paso ao asemblearismo e á non-violencia. Durante o proceso de documentación da obra fixemos unha serie de grupos de debate xuntando de novo a compañeiros e compañeiras antimilitaristas da época. Nas súas declaracións, que se escoitan ao principio da obra, quedou claro o éxito mobilizador da Insubmisión, a súa capacidade para colapsar o Sistema de Recrutamento forzoso e poñelo en cuestión. Quedaría por resolver o futuro do antimilitarismo, que foi desaparecendo coa mili (lembremos que legalmente a mili está só en suspenso, non eliminada de todo). Pero quedou claro para todo o mundo que a nivel persoal todo aquilo pagou a pena. E disto último é do que vai *Goldi Libre*. Do persoal. É o autorretrato dunha persoa que foi encarcerada por desobedecer. E ao final, agro-

ma inevitablemente a cuestión universal de toda obra: «Quen son eu?» (esta reflexión vira o outro día nunha peli de Spiderman e non a podía desaproveitar, eu son así).

Construír *Goldi Libre* foi o resultado dun proceso longo e laborioso de máis dun ano até a data da estrea, en outubro do 2016. Moitísimas horas de gravacións para aproveitar apenas 20 minutos. Tamén houbo persoas ás que non gravei, pero había que se cingir ás máis próximas e ás que máis directamente tiveron que ver co meu caso. Porén, o proceso de selección das persoas participantes serviu para re-conectar física e emocionalmente cun montón de xente vinculada ao antimilitarismo dos anos 80-90. Persoas que se me apareceron como pezas que completan un crebacabezas que tiña abandonado nun armario. Un crebacabezas que é a miña memoria, a miña historia.

Escribir o extenso relato inicial de *Goldi Libre* foi unha aventura emocionante. Mergullarme nun mar de sentimentos e situacións que estaban aí sen eu sabelo e apareceron gracias á chave da escrita. Xesús Ron fixo moito fincapé en que o proceso de recordar a través da escrita ía ser fundamental na elaboración do espectáculo, porque implica unha relación máis singular e profunda cun mesmo. Contarlle algo a unha cámara ou a unha gravadora implica xulgarte a ti mesmo continuamente por culpa da «contaminación» do son e a imaxe. E xulgarse demasiado non é bo para un autorretrato. Tés que te mostrar como es sen interferencias de ti mesmo. Por iso penso que estivo moi acertada outra idea de Xesús: acabar facendo o relato en terceira persoa. Foi liberador. O «Eu xuíz» pasou a ser o «Eu espectador». O proceso a partir de aquí empezou a ser tremendamente interesante e divertido. Apareceu o Anti-Heroe, a persoa «normal» que non entende de martirios nin valentías. Que ten dúbidas. Que ten medo. Que mete a gamba. Que é indisciplinada. Que bota de menos a súa moza cando está na cadea e pensa que todo o que está facendo non serve para nada. Pero resulta que ten un compromiso. Está comprometi-

JUZGADO DE LO PENAL NUMERO UNO
LA CORUÑA

JUICIO ORAL

601 Reto GRAL 603/92 AÑO DE 1992 2

NUMERO: 601 Inc. 4-11-92

Sobre: Inmune de la Ley

Dimanado de procedimiento Abogado Núm. 241/92

Juzgado de Instrucción 4.ª de Coruña

ACUSADO: César Rodríguez Pérez
1/10 de 1992 - 9/10 de 1993 - Santiago de Compostela

ABOGADO: Se. Pérez López

PROCURADOR: Se. Lobo de Asada

ACUSACION PARTICULAR: 27-10-93

FECHA JUICIO: 14-10-93 / 8-9-93 124.

SENTENCIA NUM.: 389 FECHA: FIRMEZA:


Reserva de Juicio

Presidencia Provincial de la Coruña

REPARTICION: 4/24 - 1993

CLASE: 1.ª - 2.ª - 3.ª - 4.ª - 5.ª

LA CORUÑA 21-10-93



do con algo que entende e desexa. Si, chegou ao momento da insubmisión como se chega a tantas cousas na vida: porque o liaron, por casualidade, por deixarse levar. Pero o certo é que desbotou unhas cousas e comprometeuse con outras. E a súa decisión de ir ao cárcere apoiouse na suma dos compromisos de moita máis xente. Venceu o medo e a inseguridade porque había un colectivo de persoas comprometidas con el. Persoas que estaban por todo o Estado Español.

No momento de escribir este texto a obra xa ten unhas cantas funcións enriba, case cincuenta. Non só en Galicia, tamén en Cataluña, País Vasco, Navarra, Valencia, Baleares, Asturias e Cantabria. Especialmente emocionantes foron as funcións feitas en Cataluña, porque puiden facer teatro profesional por primeira vez en en catalán e a estrea foi en Solsona, a miña vila natal, que tamén aparece mencionada no espectáculo («Catalunya profunda, terra de trabucaires, de castellers, de butifarra»). Moito público catalán estableceu comúns denominadores co Procés: desobediencia civil, non-violencia... E tamén represión selectiva que pretende ser exemplarizante. Por que? Moi simple. Non hai cárcere para tanta Desobediencia.

Foi moi grato coñecer a persoas vinculadas á Insubmisión que, sen coñecerme, contribuíron a que eu vencese o medo e a inseguridade. Eterna gratitude para todas elas. Porque no transcurso da xira houbo unha forte conexión, xa agardada, coa xente máis próxima á miña xeración e que viviu máis de preto o «alucinante mundo do activismo dos 80». Xente que na obra conecta biograficamente, que se diverte recordando toda aquela expansión política, cultural e vital. O que non agardaba eu é que a conexión coas novas xeracións, as que non tiveron que facer a mili, fose tan inmediata. Sinceramente superou as miñas expectativas. As funcións para adolescente nos institutos son do máis divertidas. *Goldi Libre* é un espectáculo honesto na súa intención de divertir, emocionar e facer pensar. A xente nova capta isto inmediatamente.



Contar algo persoal, verdadeiro e real en escena tamén fai que aparezan situacións únicas e irrepetibles. Unha situación pola que pasan os actores e as actrices, sobre todo cando comezamos a ter unha idade, é verse na obriga de actuar cando falece algún ser querido. Susana González, Susi, a que foi a miña parella naquela época da prisión e protagonista dun dos últimos, e máis emotivos, momentos da obra, faleceu o día anterior a actuar en Pontevedra. A función foi despois do seu funeral. Non sabía como me ía sentir, como ía chegar ao momento no que falo dela á vez que toco o piano, como ía falar dunha persoa que acababa de falecer e que era tan querida para min. Todo foi ben. E quizais foi a mellor función de todas. A Maxia do Teatro.

Foi máxico facer Teatro coa miña vida. Unhas anécdotas contadas nunha furgoneta déronlle pé a Patricia de Lorenzo para pensar que aí había o xermolo dun espectáculo interesante e necesario. É bonito escoitar como unha nai lle di aos seus fillos que hoxe a mili non exis-



te grazas aos insubmisos. E apareceu a Berberecheira. Un espazo creado por Chévere para dar Vida Teatral a Experiencias xa Vividas. A Berberecheira converteume nunha Singularidade Teatral. A grandeza do Teatro, para min, está en que todo o que pasa no escenario é unha mentira cómplice. Neste caso o meu testemuño real no escenario converteuse, incluso para min, nunha verdade incontestable. Penso que esta singularidade é a que caracteriza aos espectáculos da Berberecheira. Xesús Ron dirixiu o espectáculo, pero o *coaching*, a proximidade e o apoio de Patricia de Lorenzo foi vital nun proxecto tan delicado como é o de «espirse» contando parte da túa vida. Manuel Cortés fixo entretida a parte documental e a preciosa letra da canción final do espectáculo. Esa canción é a que lle dá sentido ao espectáculo. «A vida empeza cada vez/que deixas outra vida atrás». Xacobe M. Antelo orientoume en como afrontar as partes con piano.

Fidel Vázquez deulle luz ás emocións. O título da obra púxollo a xente. Estaba escrito nas pintadas da época: GOLDI LIBRE! (o cartel da obra que fixo Fausto está deseñado a partir dunha pintada real). Que mais se pode pedir?

E, finalmente, volvamos á peli de Spiderman: «quen son eu?» Esa é a pregunta irresoluble sobre a que navega continuamente *Goldi Libre*, que simplemente é o relato da transformación persoal a través do compromiso. O autorretrato dun Anti-Heroe consciente de que hai que facer algo para que as cousas vaian a mellor, pero... Uf! É tan difícil! Pagou a pena o sacrificio de pasar pola cadea? Aínda non o sei. O que si sei é que pagou a pena contalo. E contalo fíxome un pouco máis libre.

**GOLDI
LIBERD**


**non mai
insubmi
presos**

DADE!

is

ISOS

ROMPAMFILAS



GOLDILIBRE

AUTORRETRATO DUN INSUBMISO PRESO NOS CÁRCERES DE FELIPE GONZÁLEZ

En escena : César Goldi

Dramaturxia, dirección : Xron

Xefa de produción/asistente dirección: Patricia de Lorenzo

Escrita: César Goldi,

Xron, Manuel Cortés

Escenografía, atrezzo, vestiario: Berberecheira

Deseño de iluminación: Fidel Vázquez

Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo

Cartel: Fausto Isorna

Comunicación: Xana García

Estreouse o 13 de outubro 2016

no Auditorio Constante Liste

da Ramallosa (Teo)

O noso agradecemento ás persoas que acompañaron o proceso de creación desde a Berberecheira: Arantza Villar, Borja Fernández, Iván Marcos, Miguel de Lira.

E a todas as persoas que contribuíron a documentar os feitos que se narran e o contexto xeral no que se desenvolveu o movemento de insumisión en Galicia: Paco, Duarte, Ernesto, Peñaño, Martazul, Modesto, Santi, Quico, Suso, Andrés, Ramiro, Luigi, Firmino, Regina, Susana, Xoán Manuel Pérez Lema, Carlos Blanco, Roi Vidal, Suso de Toro, Piñol, Roberto Salgueiro, Cristina Domínguez.

A Susi

GOLDILIBRE

AUTORRETRATO DUN INSUBMISO PRESO NOS CÁRCERES DE FELIPE GONZÁLEZ

Goldi sae a escena e dispara desde o teclado a sintonía da cabeceira dun antigo programa de Radio Kalimera (Cachelos en bromuro). Escóitanse as voces de distintas persoas implicadas no movemento de insumisión ou relacionadas co xuízo a Goldi, contando o que supuxo para elas: Quico, Martazul, Piñol, Susana, Suso de Toro, Ricardo Conde, Peñaño, Suso Domínguez, Paco Bonos, Santi, Regina, Luigi.

«Saberán cando a historia se escriba de verdade, como cando se escribiu de verdade a historia contra a segregación racial en Estados Unidos ou a historia do feminismo... Todos foron movementos de desobediencia civil positivos para o conxunto da sociedade. Eu creo que a insumisión conseguiu un gran avance democrático, que foi o fin do recrutamento forzoso.»

Ao pouco de comezar as voces, Goldi vai cara o fondo do escenario e ponse a facer unha pintada con spray: GOLDI LIBRE! LIBERDADE INSUBMISOS PRESOS! Despois segue poñendo o nome de todos os insumisos presos galegos: Peñaño, Budiño, Paski, César, Er-

nesto, Miguel Anxo, Ricardo, Assier, Alberto, Joseph, Elías, Ramiro...

«Era un movemento de resistencia civil moi potente e para min nese momento era onde había que estar.»

«Por un lado, a nivel personal, esta gente non son malos cidadanos. Todo lo contrario, son gente que está dispuesta a poner en riesgo su libertad y una serie de situaciones para cambiar un sistema que era bastante militarista todavía. Y gracias a ellos se suprimió el servicio militar obligatorio.»

«É das poucas veces que eu vin que pelexando se podía conseguir algo. Xente aínda que fosen poucos que estaba disposta a pasar pola cadea para conseguir algo.»

«Tamén hai que ver o movemento antimilitarista dentro do contexto da sociedade española, que era unha sociedade modelada polo franquismo, é dicir, por curas e militares, unha sociedade temerosa do exército, moi indisciplinada, en tanto que incívica, mais sen embargo moi sumisa. O movemento antimilitarista curiosamente é un movemento insumiso, un movemento de rebelión, de esixencia de liberdades, pero ao tempo tamén é un movemento liberador que cuestiona precisamente esa cultura incívica tan propia da sociedade española.»

«Foi unha forma tamén de axudar a tomar conciencia sobre outros ámbitos da loita antimilitarista, non só centrados no que é o servizo militar obrigatorio.»

«Claro que me sinto orgulloso de todo o que fixemos e creo que, na medida das nosas posibilidades, aportamos un gran de area para que, vintecinco ou trinta anos despois, outra xente ou nós mesmos, ou nós mesmos con outra xente, poidamos seguir pensando que as cousas se poden cambiar.»

«Non se esperaba de nós que o xeito de demostralo, de trasladalo, de comunicalo fose non violento, fose pacífico e fose e aceptando

que había unha lei que nos impoñía a cadea. O que tiñamos clarísimo desde o primeiro momento era que o que estaba mal era a lei, que o que había que cambiar era a lei. Para iso estábamos disposto ao pago de pasar pola cadea.»

«Creo que ensinamos á xente a que loitase polo seu.»

«É un movemento esencialmente cívico e haberíao que xuntar co que foi o feminismo, porque é tamén un movemento anti-machista.»

«O malestar social polo servizo militar obrigatorio era importante a nivel mundial e nós como manifestación clara do noso rexeitamento eramos capaces de suscitar a simpatía de amplos sectores da sociedade que non estaban organizados, pero que en determinados momentos nos apoiaban.»

«Que tivera que ir á cadea, pois mira... Non era por un delito. E como non era por un delito que cometera non me causou un trauma nin nada parecido.»

«Creo que hai moitos movementos que viñeron despois que dalgunha maneira beberon desa historia da desobediencia cívica. Porque isto era un movemento antimilitarista, pero tamén tiña esa parte de desobediencia. Por exemplo no 15M houbo moita réplica dalgunhas cousas que se fixeron daquela.»

«Efectivamente se nos percibía como mozos e mozas bravas, pero bravo non é que non ten medo, bravo é quen sabe conquistar o medo, dicía Mandela. E nós conquistamos ese medo. Como o conquistamos? Colectivamente.»

«Esa loita gañouse. Pero aínda que se tivera perdido, simplemente o feito de conseguir levar adiante un pulso co estado e durante tanto tempo, xa foi unha vitoria.»

Ao rematar as voces queda soando a canción INSUMISIÓN de Kojón Prieto y los Huajalotes. Goldi volve á mesa, pon uns auriculares e fala polo micro sen mirar ao

público, coma se fose un locutor que inicia o seu programa de radio no estudio.

Boas noites! Véñovos propoñer unha viaxe ao interior dun movemento de desobediencia civil sen parangón no resto de Europa. Se tes menos de trinta anos seguramente non saibas que ata 2001 en España ao cumprir dezaoto anos os mozos tiñan que pasar un ano facendo o servizo militar obrigatorio. Se ti non fixeches a mili é porque houbo unha xeración que se negou a entregar un ano da súa vida aos militares. E moitos tiveron que pagar coa súa liberdade para conseguilo.

Colle na man uns papeis.

Sabedes que é isto que teño nas miñas mans? É a copia da sentenza do meu xuízo por insubmisión. Si. A miña sentenza real. Vinte anos despois volvíñ aos xulgados da Coruña e busquei o sumario. Ao principio pensei en traelo todo, pero son cincocentos folios. Iso si: fotocopieino enteiro e téño na casa. Se alguén o quere consultar, ao acabar que me chame. Aínda que xa vos adianto que moito interese non ten. No sumario recóllense as preguntas que me facían e as respostas que eu daba:

—¿*Quiere usted hacer el Servicio Militar Obligatorio?* Non

—¿*Quiere usted hacer la Prestación Social Sustitutoria?* Non

E así estivemos tres anos. O que podíamos ter solucionado nunha tarde..., levounos tres anos e cincocentos folios.

Pois ben, de todo aquel mogollón o único que se salva é a sentenza. Que ademais é coma un resumo da miña historia, por iso decidín compartila con vós. A historia dun insubmiso que acabou preso nos cárceres de Felipe González. Xa veredes, é moi graciosa.

Empeza a ler a sentenza e a intercalar comentarios:

«CAUSA JUICIO ORAL 601/92. JUZGADO DE LO PENAL NÚMERO UNO. LA CORUÑA. EL MAGISTRADO-JUEZ DE LO JUZGADO DE LO

PENAL NÚMERO UNO DE LA CORUÑA Ilmo Sr. D. ANGEL MARIA JUDEL PRIETO ha pronunciado EN NOMBRE DEL REY...»

Xa vos dixen que era real!

«... la siguiente SENTENCIA NÚMERO 389. Vista en Juicio oral y público la causa que con el número 219 de 1992 tramitó el Juzgado de Instrucción número cinco de La Coruña, por procedimiento Abreviado.»

Ostia, menos mal que era abreviado!

Segue lendo:

«... un delito contra el régimen jurídico de la objeción de conciencia, figurando como acusador el Ministerio Fiscal contra el acusado CÉSAR MARTÍNEZ PÉREZ con D.N.I. 41.080.990, hijo de José y de Regina, nacido el 25 de septiembre de 1965 en Bóveda (Lugo) y vecino de SANTIAGO con domicilio en Rúa de Touro 9, 1ºD, de profesión estudiante, con instrucción, sin antecedentes penales y de inacreditada situación económica.»

A miña situación económica era efectivamente inacreditada. De feito ségueo sendo hoxe. Continúo:

«... en libertad provisional por esta causa, representado por el procurador Sra. Lobón Losada...»

Lobooooon!!! (*Dispara o son do ouveo dun lobo e segue falando por riba*) Que mágoa que non me lembre dela. Nin sequera sabía que ti-vera procuradora.

«... y defendido por el Letrado Sr. Pérez López.»

Do avogado si que me lembro. Deste si. Un tipo estupendo, moi comprometido. Se algún día tedes algún problema coa xustiza reco-

méndovolo... Eu acabei no trullo pero recoméndovolo. En serio. Veña, sigamos:

«I. ANTECEDENTES DE HECHO. PRIMERO: Las diligencias penales de referencia que se incoaron por el Auto de...»

Mmmm... que me incoaron por el... (*simula que o sodomizan*)

Segue lendo rápido e parándose só en frase ou palabras clave.

«... dictado por el Instructor, fueron declaradas conclusas y elevadas a este Juzgado, habiéndose seguido su tramitación de conformidad con lo prevenido en las Leyes Procesales, señalándose para la celebración del Juicio oral...»

Aaaah! ooohh..! Oral juice! (*simula unha mamada*)

«... el día 8 de septiembre de 1993 en que tuvo lugar con la asistencia de las partes del acusado, habiéndose practicado en el mismo...»

Aquí sempre me imaxino ao xuíz masturbándose mentres redacta a sentenza (*simula unha masturbación*).

«...las pruebas propuestas, con el resultado que figura en el acta que al efecto se extendióoooo..., y consta unida a las actuaciones.»

Xuíz Judel, es moi malooo! (*mentres se sacude e chucha os dedos*)

«SEGUNDO»

Por se alguén se perdeu, punto segundo dos antecedentes de hecho:

«El Ministerio Fiscal, en sus conclusiones definitivas, calificó los hechos como constitutivos de un delito del artículo 2.3 de la Ley Orgánica 8/1984 de Régimen Jurídico Penal de Objeción de Conciencia.»

A LOC! Amigos, con la LOC hemos topado. A Lei de Obxección de Conciencia redactada e aprobada polo primeiro goberno progresista español en corentaecinco anos, un goberno presidido por Felipe González, a gran esperanza branca. «Por el cambio!»

Dispara o son do discurso de Felipe González na vitoria electoral do 82.

Estes foron os primeiros *jetas* da democracia. Dous anos despois de chegar ao poder aprobaban a LOC cun lote de recursos de inconstitucionalidade incluídos. E despois diso convocaban o referendo da OTAN, apoiando o *sí*! Cando na campaña electoral dixeran aquilo de «Otan: de entrada *no!*» Ou sexa, querendo dicir: «OTAN: ¿te entra o *no?*».

Goldi canta rápido un par de versos de Cuervo Ingenuo de Javier Krahe.

Resumindo. Grazas a esta marabillosa lei, case dez anos despois o ministerio fiscal pide para min:

«...la pena de dos años, cuatro meses y un día de prisión menor e inhabilitación absoluta durante el tiempo de la condena, privándole del derecho de elegir y ser elegido para cargos públicos en el mismo plazo.»

(Facendo unha figa) Por el cambio te la inco!

«TERCERO: La defensa del acusado, al elevar a definitivas sus conclusiones provisionales...»

Do que vén neste punto terceiro eu non entendín nada, así que chamé ao meu avogado e quedei con el para que mo explicase.

Dispara o son da entrevista co avogado.

Botou unha hora falando sen levantar os ollos do papel... Total, que me dixo que o meu...

Dispara o son dun coche derrapando e batendo contra outro.

... era unha colisión de dereitos.

O punto primeiro eran os «Antecedentes de hecho». Este segundo son xa «Hechos probados». Aquí empeza dicindo «*el 28 de diciembre de 1988 el Consejo Nacional de Objeción de Conciencia...*», blablabla «*...expediente incoado a resultas...*» Incoado mmm! Blablabla... Si, aquí!

«... resolvió que el encartado ha obtenido la consideración de objetor de conciencia.»

Queda pensativo. Fala para si.

Cago na puta. Por que pouco! Queredes saber a que pouco estiven de librar de todo isto?

A ver, a PSS, a Prestación Social Substitutoria, existía desde a aprobación da LOC, pero o regulamento foi declarado nulo e retardou a súa posta en marcha. Isto provocou que se acumulase tal cantidade de obxectores que o Estado gripou e tomou a decisión de conceder unha amnistía que beneficiou a máis de vinte mil persoas. Iso foi no 88, así que en realidade a PSS púxose en marcha por primeira vez en 1989, despois desa limpeza. E a min tocoume facela. E digo tocoume porque case foi unha lotería. No 88 eu estaba co meu amigo Luigi no piso de meus pais na Rúa Touro, en Santiago, como pon o DNI.

Dispara o principio de «Hola Mamoncete» de Los Ilegales e segue falando.

El tiña feita a súa declaración de obxección e estábame ensinando como se cubría. Alí enriba do ule da mesa da cociña, todo moi histórico, moi anos oitenta! Luigi dixo que a ía presentar ao día seguinte,

que se quería podíamos ir xuntos. Eu díxenlle que non, que o ía pensar un pouco máis. El foi amnistiado. Eu non.

«En fecha 19 de diciembre de 1989 la Oficina para la Prestación Social de los Objetores de Conciencia, clasificó al inculcado útil para realizar la prestación social.»

Para os que quedamos fóra da amnistía, a PSS foi un castigo, duraba o dobre que o SMO e non estabamos dispostos a facela. Así foi nacendo e crecendo unha estratexia conxunta. Grazas ao Doutor Felipegonzalenstein e á súa lei perfecta, creouse o monstro da insubmisión:

Dispara a sintonía dun informativo a dúas voces.

1989, decláranse os primeiros insubmisos, aínda xulgados por tribunais militares.

1994, só cinco anos despois hai máis de nove mil insubmisos e centocorenta mil obxectores declarados.

1996, hai 350 insubmisos presos en cárceres civís de todo o Estado.

1997, aparece a insubmisión nos cuarteis como resposta ás penas de inhabilitación.

2000, último sorteo da mili obrigatoria.

2002, saen do cárcere os últimos insubmisos presos.

Segue falando

En menos de dez anos multiplicáronse por dez os defensores da causa antimilitarista. Grrrrasias Doutorrr Felipegonsálenstein! Ben, quedamos en que tiña que facer a PSS. Continúo:

«El día 2 de agosto de 1990 el imputado recibió en su domicilio nuevo oficio de 23 de Julio en el que se participaba por la Oficina para Prestación social que debía incorporarse a realizarla, como objetor

de conciencia, el 18 de setembro de 1991, entre las 10 y las 13 horas, en el Ayuntamiento de Oleiros (La Coruña).»

Dispara o principio de «Comandante Che Guevara» de Carlos Puebla e segue falando.

Oleiros! Velaquí un exemplo paradigmático de colaborador necesario do aparato represivo do estado para a execución da lei. Sen concellos de esquerda coma este, organizacións caritativas e todo tipo de ONG's, que pedían obxectores pensando que axudaban ao dereito de obxección, a aplicación de facto desta lei non se podería ter levado a cabo. A insubmisión era un movemento apartidista. Polo que se puido comprobar, o colaboracionismo tamén.

«III. FUNDAMENTOS DE DERECHO»

En realidade isto debíase chamar «Fundamentos de derecho del juez» porque aquí é onde normalmente se loce literariamente e se adorna estilisticamente para dicir o que lle peta en nome da xustiza. Neste caso concreto o que vén é a criminalizar o movemento antimilitarista como un exercicio de insolidariedade. Bonita metáfora de tres páxinas.

Veña, imos directamente ao final, porque a verdade é que aos insubmisos o xuízo dábanos bastante polo cu, así que non prestei moita atención. Para nós era un simple trámite para entrar no cárcere, para «evidenciar a resposta represiva do estado fronte a unha reivindicación pacifista.» Entón, a sentenza remata así:

«FALLO... Que, debo condenar y condeno a CÉSAR MARTÍNEZ PÉREZ, como autor responsable de un delito de negativa al cumplimiento de la prestación social sustitutoria del servicio militar, (...) a las penas de DOS AÑOS, CUATRO MESES Y UN DÍA DE PRISIÓN MENOR, inhabilitación absoluta durante el tiempo de la condena, y al pago de las costas procesales... Así por esta mi sentencia, de la que se llevará certificación a los Autos, la pronuncio, mando y firmo, en La Coruña a OCHO DE SEPTIEMBRE DE MIL NOVECIENTOS NOVENTA Y TRES.»

Total, que fun á trena por un fallo.

Goldi comeza a tocar no piano unha especie de preludio musical mentres segue falando.

Fun condenado, si, e metéronme no caldeiro. Pero para sorpresa miña, sempre falo da época da insubmisión e do cárcere con nostalgia. É unha época que teño idealizada no meu imaxinario. Foi un momento de lecturas intensas, de comezar a pensar por min mesmo e de revelacións profundas, mesmo crin entender o funcionamento da sociedade. Pero o que me marcou para sempre foi descubrir a angustia existencial, a certeza de que despois da morte non hai nada.

Canta algo que podería ser de Neil Young e despois segue falando coa música do piano de fondo.

Cando estaba no Terceiro Grao tiña que coller todos os días o Castromil na estación de Santiago para ir durmir ao cárcere da Coruña. Sempre á mesma hora. Sempre o mesmo traxecto. O mesmo autobús. O mesmo cheiro a tabaco reseso. O mesmo asento sobado. O mesmo traqueteo da xanela que se instalaba na miña cabeza. E de repente, aínda que as miñas constantes vitais eran estables e xa estaba quedando durmido, sentín o baleiro da non existencia.

Segue tocando o piano, cada vez con maior intensidade.

Alí, só naquel asento do Castromil asaltoume a convicción de que despois da morte non hai nada. Sentín como o baleiro da non existencia entraba no meu corpo. Tentei reaccionar pero a angustia non me deixaba mover nin un dedo. E mentres o bus avanzaba imparable eu permanecía atrapado dentro desa sensación de pánico silencioso: un día calquera o bus vaise fóra da estrada, dá un par de voltas e xa non hai nada. O traqueteo da xanela na miña cabeza de repente para..., e despois non hai nada. Como será non sentir nada?

Remata cun solo de piano breve. Deixa de tocar e segue falando no mesmo plano radiofónico.

Este pensamento agobiábame moito, sentía un pánico que chegaba a paralizarme. Agora, cando miro para atrás, pode máis a nostalxia ca angustia. Sei que o que vai naquel asento son eu, con esa calva e esa barriga incipientes e esa perilla de tipo interesante. Pero ao mesmo tempo é como se ese rapaz que vexo aterrorizado a través da xanela do Castromil fose outra persoa distinta a min. Alguén que aínda non era Goldi.

Xira o corpo e mira directamente ao público por primeira vez.

Miro para el e pregúntome por que unha persoa decide sacrificar a súa liberdade persoal para defender un suposto ben colectivo?

Levántase, colle un cartel da época contra a celebración do seu xuízo e mentres o vai desenrolando lanza as preguntas ao público cun chisco de mala hostia.

Por que aceptou ser xulgado e condenado ao cárcere? Por que non tramitou a PSS se o máis probable é que só tivese que ir asinar cada quince días? Non podía descubrir a angustia existencial como todo o mundo, un domingo pola tarde tirado no sofá cunha resaca do carallo...?

Pega o cartel contra a parede de fondo, onde están as pintadas. Despois volve para adiante e retoma o relato de pé, falando ao micro, en clave stand up.

Todo comezou cando este rapaz, ímolo chamar César mentres non chegue a ser Goldi, regresa coa súa familia a Galicia no verán de 1982. Tiña dezaoito anos e ata entón vivira nunha pequena vila do Prepirineo catalán, Solsona, a Cataluña profunda, trabucaires, cas-

tellets, butifarras... César era un rapaz gordinho, un pouco pasmón, pero moi inquieto de cabeza... Movíase así dando saltiños.

Xestualiza como o faría César.

Estaba fascinado por todo o que soase a rock&roll e a cultura nor-teamericana, pero chegou falando e pensando en catalán.

Fala como o faría César.

Mira, la catedral, como plou! (*Espirra*)

Segue.

En Compostela quedou moi fastidiado pola chuvia e pola cantidade de novas doenzas que descubriu ao chegar.

Murmura en catalán como o faría César, da chuvia e das otites, sinusites e bronquites.

Pero sobre todo César quedou abraiado pola primeira viaxe que fixo, nada máis chegar, ao festival de Ortigueira. El pensaba que as verbenas ou o baile dos xigantes tolos do carnaval de Solsona eran heavies, pero aquilo superou todo o que coñecía: botellas voando por riba da empalizada, porros así de grandes, xente fodendo por todas as partes. Esta experiencia marcouno para sempre: os concertos ao aire libre, a sensación de descontrol xeralizado e a camaradería espontánea son valores que o arrastrarán sen remedio.

En Santiago a xente que César ía coñecendo era a que lle presentaba seu irmán maior: Firmino xa levaba un ano estudando Bioloxía, era unha persoa moi intelixente, un tipo optimista que sempre vía o lado divertido das cousas.

Xestualiza e fala como o faría Firmino.

Teño un burato no zapato, así levo o pé mais fresco. Caralludo, eh!

Segue.

E o máis importante para nós, moitos dos seus colegas eran «mocos», como se coñecía aos militantes do MCG. Un deles era Paco Bonos: chamábano así porque sempre andaba vendendo bonos para financiar a causa. Era un tipo moi alto, cunha melena recollida nunha coleta e barba longa, que sempre andaba argallando algo.

Xestualiza e fala como o faría Paco Bonos.

Ou seña!

Segue.

Foi a primeira persoa que coñeceu César que estivera detida por motivos políticos. Presentoulla seu irmán no Galo de Ouro no outono do 82. Paco viña de pasar dúas noites no calabozo. Colléranos o día anterior da visita de Juan Pablo II a Santiago pegando uns carteis coa imaxe do Papa.

Imita a Paco Bonos contando o da detención.

Era un debuxo do Papa cun bandullo de nove meses, ou seña, preñado.

Segue.

Pois Paco Bonos foi quen introduciu a César no mundo do activismo político. Os mocos tiñan un local nas galerías Viacambre, que atravesaban de lado a lado un dos edificios máis altos de Compostela, na porta había unha comisaría e un local de ácratas, coma un Bronx en miniatura, e alí pasou César a súa primeira Fin de Ano en Santiago. Os días anteriores andaba un pouco emocionado, como se fose ir a unha festa clandestina reservada a uns poucos elixidos. Chegou co seu irmán Firmino e metéronse nun ascensor tan estreito coma unha garita. César xa se vía subindo a un ático con vistas á ca-

tedral escoitando rockandroll ata o amencer, quen sabe, igual fodía e todo (dicían que os mocos montaban unhas orxías quinindiola).

Imita a César.

Que, ao oitavo non Firmi?

Imita a Firmino.

Non, é o primeiro, así chegamos antes, caralludo eh?

Segue.

Non era nin o primeiro, era un entrechán, un piso con varias habitacións forrado con carteis cheos de referencias ao calendario: 1º (de maio) 25 (de xullo) 8 (de marzo) 14 (de abril)... Entrou e viuse rodeado de xente que lle parecía súper maior. Fumaban e bebían como se o levasen facendo toda a vida. Ademais César non podía distinguir os homes das mulleres, todos vestían dúas tallas máis grandes, levaban fulares, o pelo longo, barba e bigote. Non había a bobada esta que hai agora coa depilación. Firmino viuno tan fóra de xogo que lle dixo que puxera algo de música. Había un tocadiscos igual que o que tiñan na casa de seus pais con forma de maleta e un lote de Lp's. Botou un ollo a ver que se podía facer... Victor Jara, King Crimson, Mike Oldfield, Cat Stevens, Fuxan os Ventos, Alan Stivell... Difícil decisión. Cando xa empezaba a darse por vencido, apareceu o *The River* de Bruce Springsteen, un disco dobre que César acababa de pedir a DiscoPlay!

Saca o disco e segue falando mentres o coloca no prato.

Lembrades o catálogo de Discoplay? Poñíaste a marcar discos que molaban e os cartos non chegaban a nada. Pero cando chegaba aquel paquete de cartón marrón atado cunha corda vermella era o momento máis feliz da semana. Esa noite César non ía esperar polo carteiro. Alí estaba Bruce!

Soa o inicio de The River e Goldi fai a guitarra no aire e canta o primeiro verso no micro.

Fartouse de poñelo sen causar a máis mínima reacción naquela xente. Despois de hora e media sen tregua e cinco ou seis birras, non aguantaba as ganas de mexar. Por non deixalos sen música mentres ía ao baño puxo o primeiro que atopou. A ver... *Paco Ibáñez no Olympia de París...*

Saca o disco.

Foi a calma antes do furacán, o silencio foi estendéndose por todos os currunchos do piso coma unha fugaz fenda no tempo e despois todas aquelas gorxas ateigadas de fume cuspiron coma unha soa voz «a galopar, a galopar, hasta enterrarlos en el mar...» César abriu a porta do baño como se entrase nun refuxio antiaéreo, sen saber que aquilo cumpría máis ben funcións de almacén, había case de todo menos un báter practicable: baldes, vasoiras, paus de vasoira, botes de pintura, sprais, cola, brochas, cartulinas, papeis..., en fin, todo o necesario para empapelar a cidade con poemas de Rafael Alberti. César non aguantaba máis as ganas e fóra seguían berrando «galopa caballo cuatralbo, jinete del pueblo, que la tierra es tuya...» parecía que o estivesen animando a mexar aínda que non atopase o puto retrete «a galopar, a galopar!» e acabou deixándose levar por ese espírito liberador que enchía o piso dos mocos..., (*arrebola o disco de Paco Ibáñez*) metendo a pirola nun bote de pintura vermella.

Varias semanas despois César (*dime, dime*) e Firmino (*caralludo eh?*) volveron coincidir con Paco Bonos (*ou seña! Estamos pensando unha acción con Adegas*) e de aí a pouco estaban desfilando nunha charanga reivindicativa de Entroido coa que querían denunciar o verquido de residuos radioactivos na Fosa Atlántica. Cantaban cousas tipo...

Goldi vai ao piano e segue desde alí tocando.

«Viaje con nosotros a la Fosa Atlántica y disfrute de la mierda que hay».

Segue cantando, imitando a voz de Gurruchaga, como se anunciase o gran show de César Martínez.

Foi a primeira misión de César como activista. Aí comezou unha carreira imparabile ata dar cos seus ósos no cárcere da Coruña. Cando César empatizaba con alguén era como se o arrastrase unha corrente que se creaba arredor desa persoa e el deixábase levar.

Encaixa nun verso da canción a parte final, a modo de conclusión.

Non sei se a corrente o vai buscar ou é o Cesariño quen se deixa levar. As dúas cousas, debían ser, mesturadas. Por un lado deixábase..., e polo outro tamén (era el).

Goldi volve ao micro no centro do escenario.

Digo isto das correntes porque teño a sensación de que César militou simplemente por deixarse arrastrar polas compañías. Por motivos que tiñan que ver coas simpatías persoais, máis que por unha convicción súa.

Por exemplo, meteuse no Independentismo a raíz da detención de Antón García Matos, que estivera con el no grupo de teatro Narcisus do Instituto Xelmírez. Vitor Belho, outro colega do grupo, chamou a César e a outros antigos compañeiros. Vitor era moi convincente e ademais tiña un bar ao que íamos todas as noites e alí nos convocou.

Imita a Vitor.

Hai que facer algo, estanlles zurrando na Audenza Nazonal.

Segue.

Primeiro foi facer uns carteis para denunciar a súa situación, despois organizar unha visita, logo asistir a unha asemblea... Foi unha militancia provocada pola irmandade que se supón que hai que manter coa panda do instituto. Cando a deixou, en cambio, foi máis por unha decisión persoal, quizais a primeira da súa vida. Goldi comezaba a manifestarse.

Pero hai que volver a Paco Bonos (*ou seña!*). Foi el quen meteu a César no colectivo Rompanfilas, o grupo de insubmisos que había en Santiago. Ser parte do movemento anti-militarista converteuse en algo moi importante na vida de César. A verdade é que a loita para abolir os exércitos é algo tan inútil que parece utópica, loitas por algo que sabes que nunca se conseguirá, pero naquel momento para el esa militancia era un síntoma de cordura e inocencia, un antídoto contra a intolerancia e a violencia.

Rompanfilas... Daquela non había teléfonos móbiles nin ordenadores. Facíase todo a golpe de caderno e axenda telefónica. As reunións ordinarias eran bastante frecuentes e as extraordinarias tamén. Como mínimo había asembleas locais unha vez á semana e nacionais unha vez ao mes. Os compromisos á hora de quedar tiñan que ser máis firmes que agora porque ao non haber whatsapp non se podía andar convocando e desconvocando. Outro compromiso engadido era apoquinar cotas en metálico para pagar fotocopias ou para ter locais de reunión. Algo que tampouco chegaba a nada porque os locais que se podían alugar eran tan pequenos que as asembleas acababan facéndose en bares.

Sacar adiante unha iniciativa non era nada fácil, había que percorrer un longo camiño e salvar obstáculos nunca imaxinados. Por exemplo, unha das maiores proezas de César no movemento antimilitarista non foi acabar no cárcere, non. Foi facer unhas camisetas sobre a insubmisión. Por suposto, se tiñas unha idea tiñas que convocar unha asemblea. César chamou a un deseñador, Kukas, imprimiu a súa

idea nunha camiseta vella e explicou aos demais o significado de cada elemento do deseño antes de abrir o debate... Este era o momento culminante. Prepararse para a discusión. E para todas as vítimas colaterais que resultaban de discutir colectivamente unha idea. O movemento antimilitarista era moi heteroxéneo, é dicir, había de todo, era un sitio no que se eras de esquerda había que estar: nacionalistas, independentistas, galeguistas, anarquistas, comunistas, trotskistas, maoístas, leninistas, ecoloxistas, animalistas, feministas, malabaristas (en serio), reintegracionistas... Si, reintegracionistas. César coñecíaos ben porque el tamén se fixera militante lusista e sabía que algúns participaban no resto de colectivos existentes para expandir o seu proxecto ortográfico. Unha parte importante da discusión xerada por calquera idea que fose debatida incluía un debate ortográfico moderado con toda a calma do mundo por independentistas e reintegracionistas, para desesperación do resto de participantes. A idea orixinal de César era copiar unha camiseta vasca moi chula (para que ían perder tempo se os vascos deseñando eslógans e camisetas eran uns cracks). Naquela camiseta simplemente puña INSUMISIOA! cun signo de admiración engadido ao final. Simple, claro e directo. Pero ao traducir a palabra do euskera ao galego César cometeu un erro fatal, non ter en conta que o que escribira alí era idéntico en galego e castelán: INSUMISIÓN! De nada valeu a súa insistencia en sinalar que só había un signo de admiración ao final, que era propio e exclusivo do galego. Para os independentistas era pouca diferenciación e propuxeron un lusismo puro: INSUMMISAO, acabado en ao e con til portugués. Os reintegracionistas polo seu lado, optaron por mostrar a súa cara máis conciliadora e propuxeron unha solución máis próxima ao galego: INSUBMISSOM, con dous eses. As forzas estaban divididas. Por sorte daquela aínda contaba con bastantes siareiros unha normativa que era coñecida «tecnicamente» como de mínimos, que intentaba conciliar a normativa lusista mantendo a ortografía do

castelán. Esta normativa de mínimos era un comodín perfecto para chegar a un acordo in extremis, aceptado de mala gana por todos os grupos, pero aceptado ao fin e ao cabo. Quedou INSUBMISIÓN!

Pero había que seguir diferenciándose! A insubmisión en Galicia había demostrar que tiña un matiz territorial. Que nos declarabamos insubmisos sobre todo porque nós eramos galegos e o exército era español. Isto era así sobre todo para os independentistas, que non eran antimilitaristas nin pacifistas. Para os nacionalistas, en cambio, o importante era incluír o matiz territorial, independentemente de que o exército fose español ou bolchevique. A proposta era engadir «na Galiza» antes de «insubmisión». Xa levaban alí dúas horas e a capacidade de entendemento estaba case neutralizada, pero como César era teimudo seguía pensando por dentro: se xa acordamos escribir a palabra INSUBMISIÓN nun galego perfectamente recoñecible e diferenciado, para que poñer ademais «na Galiza» se non existe outro lugar no mundo onde se escriba así? A case todos os demais (troskos, mocos, ácratas..., malabaristas, etc.) estas disquisicións dáballes igual, eran antimilitaristas e punto. Ademais, nesa altura a maior parte das persoas presentes xa estaban tan fumadas que podían votar calquera cousa. Así que gañou a minoría reintegracionista que aínda estaba sobria e completouse a frase: NA GALIZA INSUBMISIÓN! (iso si, co mesmo signo de admiración ao final).

Vai atrás, colle a camisola e pona.

Como a todo activista, a César tamén lle chegou o día da súa primeira detención. Os grupos antimilitaristas de todo o estado decidiron coordinar unha acción conxunta, despois de que RENFE anunciase a súa intención de incorporar obxectores a través da PSS para traballar nas súas instalacións. O plan era paralizar o tráfico ferroviario realizando sentadas nunha chea de estacións o mesmo día e á mesma hora.

En Santiago foi poñerse nas vías da estación e xa chegou a pasma para sacalos. A consigna a seguir era agarrarse polos brazos uns aos outros, tirar forte das persoas que a policía intentara coller e cando te levaran provocar que o fixeran entre varios polis sen a túa colaboración. Pero as porras son moi convincentes e César foi indo polo seu propio pé sen opoñer resistencia, mesmo dándolles conversación (César: parece que vai chover, eh?). Así foi como chegou á comisaría, coa confianza necesaria para pronunciar unha das frases máis desafortunadas que lle podes dicir a un poli cando te vai meter no calabozo: «Creo que teño dereito a unha chamada». Pensaba que estaba en Hollywood. Xunto a César, alí dentro acabou medio colectivo Rompanfilas e algúns outros que liara Paco Bonos: Milucho, Xosé de Padrón que acabou co brazo escaiolado, Quique o Suicida que pasara un porro metido na boca, Luigi que ao saír atopou á súa tía agardando por el cun paraugas na man, Santi o Canario que lles deu de fumar Mecánicos e Kruguer toda a noite e Toño o Veterinario que ao saír seu pai deulle un abrazo tan bonito... Por certo, César conseguiu facer a súa chamada, ao día seguinte tiña unha comida familiar e había que buscar unha coartada convincente para non ir.

«Ola, mamá! Son César..., non, non estou na casa..., estou..., estou..., *(baixando o volume da voz)* na biblioteca. Imos pasar aquí toda a noite porque temos que entregar un traballo e non vou poder ir... Si, xa sei que os tíos chegan mañá, xa os verei noutra ocasión...»

Era a primeira vez que se vía nunha situación así e César mentíulle á súa nai como fan os rapaces cando se ven acosados pola realidade. Pero a esta detención seguiron outras, e o proceso xudicial derivado da súa negativa a facer a Prestación Social Substitutoria non tardou en poñerse en marcha con toda a súa maquinaria de castigo. César descubriu que desobedecer é algo que o estado non perdoo. Porque os insubmisos entran no cárcere por decisión propia, o que lles daba unha forza que

desbordaba a lóxica xudicial. César tamén tomou esa decisión e para iso necesitaba ter do seu lado á xente que o quería de verdade.

Goldi dispara o son coa voz de REGINA, a súa nai, e vaise.

Off Regina

«Ao Ilustrísimo xuíz do Xulgado do Penal Nº 1 da Coruña.

Moi señor noso:

Dirixímonos a vosté como pais de César Martínez Pérez, que o vindeiro 8 de setembro será xulgado por este tribunal, acusado do delito de negativa a cumprir o Servizo Militar e a Prestación Social Substitutoria, polo que pode resultar recluído en prisión (...) Como educadores que nos tocou ser do noso fillo, procuramos ir cumprindo o mellor que soubemos co noso cometido, poñendo moito empeño en facer del unha persoa responsábel e dona dos seus actos (...) Coincidiremos con vostede en que a súa conduta transcorre por canles pacíficas e persegue fins altruístas, sen xerar alarma social, polo que, lonxe de ser recriminada, debería pasar a ser consentida e aceptada como correspondería a un Estado de Dereito.

En consecuencia, temos que admitir que a reclusión penal, para nós, carece de sentido, ao sancionar como antisociais comportamentos que conteñen a natureza xustamente contraria.

Sabendo da difícil decisión que a este respecto vai ter vosté que afrontar, confiamos en que saberá resolvela do xeito máis acorde cos principios da Xustiza e coa función do poder xudicial de defensa dunhas relacións sociais máis libres, xustas e pacíficas.

Reciba un cordial saúdo.

En Compostela, a 2 de setembro de 1993.

Asinado: José Martínez González, Regina Pérez Rodríguez.»

Segue a voz de Goldi gravada.

Off Goldi

Cando es novo as cousas están moi lonxe e parece que non van suceder nunca. Pero cando ves que van suceder comeza o pánico. A notificación de ingreso en prisión non tardou moito en chegar. Desde ese momento César pasouno fatal, non deixaba de pensar no cárcere e en todos os tópicos das pelis carcerarias que vira: ameazas, humillacións, insultos, roubos, castigos, agresións, drogas, un xabrón que cae nas duchas...

Entra o inicio da música da película Expreso de Medianoite.

Off Goldi

Nunha asemblea da ANOC, a organización que aglutinaba o antimilitarismo galego, acordouse facer coincidir o ingreso no cárcere de César e Ernesto, outro insumiso da Coruña tamén condenado. Pasarían uns días na clandestinidade e despois do Nadal, cando todo o mundo estivese disposto para as mobilizacións, farían un acto conxunto de presentación antes de entrar na cadea.

Goldi volve a escena e vai mostrando os obxectos que se citan na gravación.

Off Goldi

Pero antes de pecharse no piso franco, César quixo aproveitar as rebaixas e ao saír de Zara foi interceptado e detido por unha unidade da policía nacional. Viña de mercar un xersei gris de colo alto para o inverno. Xa no calabozo aproveitou para ler un libro enteiro de Marvin Harris que lle levou seu irmán Firmino: Vacas, cerdos, guerras y brujas, los enigmas de la cultura. Ao día seguinte trasladárono ao cárcere, e a viaxe desde os xulgados, iso que chaman cunda, foi o primeiro tropezo coa realidade. Un furgón da garda civil escarallado. César e tres presos máis: un camioneiro condenado por unha estafa de 200.000 pts. e outros dous que parecían camellos. Para estes

vir a un xuízo era como ir de marcha: «Como se enrolló tu hermana pasándonos las birras!» «Buah, y todo el material que nos dejó en el váter durante el juicio, antes de llegar me saco el condón». Ao baixar do furgón, César quedou inmóbil mirando cara a cara a fachada do cárcere da Coruña: un edificio construído sobre uns cantís, de costas á cidade e fronte á Torre de Hércules. «Mete medo, eh?» díxolle un garda.

A partir de aquí Goldi segue falando en directo, en voz baixa e cun micro na man.

As portas eran metálicas e abríanse premendo un botón desde dentro. A César fixéronlle un cacheo lixeiro con luvas de látex nunha oficina que daba a un corredor ancho e longo con moitas portas, situado entre o acceso exterior e a entrada aos módulos. Tivo que deixar os billetes. Só podía pasar moedas, tabaco e chisqueiro. O cinto e os cordóns non, estaban prohibidos nas celas do Período, que era onde pasabas a primeira noite na prisión antes da clasificación. Por se sentes a tentación de mancarte. (*Pousa o micro no chan e des-amarra os amallós dos tenis*) No centro de funcionarios, desde o que controlaban as tres galerías, déronlle as normas do réxime interno e levárono á 3ª galería. Metérono só nunha cela. O espazo era estreito. Había unha liteira con catro alturas e nun recanto estaba o tigre, co sitio xusto para meter unha pileta e un retrete. César levaba unha radio e auriculares.

Prende o transistor e méteo na bolsa. Quita os tenis e o pantalón. Segue falando co micro.

César non sabe o tempo que pasou alí en silencio, ata que comezaron a chegar os telegramas. (*Vai onda a caixa buscar os telegramas, co micro na man*) Algún día terei que contarlle ao meu fillo que era un telegrama... Un papel azul no que viña imprimida unha mensaxe ma-

lamente redactada. Direille que a clave era aforrar palabras como se fai agora cos chíos en Twitter. Explicareille que a diferenza é que o telegrama pódelo gardar durante anos e volvelo tocar e ulir porque conserva o cheiro, coma eses papeis que che dan nas perfumarías para que leves contigo un arrecendo determinado. Así cando abres o telegrama parece que contén a esencia evocadora daquel momento no que o recibiches. Confesareille que ata o día en que o tiveron que facer sobre un escenario foime imposible conter as bágoas cada vez que tiña entre as mans estes telegramas que abrín aquela noite no Período. Porque aínda que César estaba absolutamente só e definitivamente preso dentro dunha cela pequena e noxenta, ese foi o momento da súa vida no que se sentiu máis profundamente acompañado.

Le os telegramas un a un e vainos deixando caer ao chan.

«Estamos con vós. Asinado: AGNG». «Unha aperta de todos. Ánimo e pronta liberdade. Non á mili! Asinado: Xan». «E logo que Goldi, que me contas? Recordos de Sagaritus. Ah! Por certo, xa conseguín o último Man... Esquecíame: a loita continúa! Asinado: César». «Querémoste! Asinado: Chus, Xulia». «Esperámoste ver moi pronto pola noite compostelana. Asinado: Valentín». «Que saibas que estamos contigo. Moitos bicos! Asinado: Penélope, Mar, Ramsés». «Goldi boas noites, ao meu lado están César e Luigi dicindo parvadas. Querémoste! Din eles que a loita continúa e non á mili! Asinado: Pil». «Esperámoste ver pronto polo Tarasca. Asinado: Valentín». «Ánimo compañeiros, estamos convosco. Asinado: CAF Filoloxía». «Que noite! Asinado: Emilio». «Ánimo, estamos contigo! O teu sabor abre unha porta hacia a liberdade. Asinado: Uxía». «Quérote! Asinado: Susi».

Ao rematar, deixa o micro no seu pé e dispara o son da entrevista de Ernesto, o seu compañeiro de cela, tamén condenado por insubmisión. Goldi permanece en escena

escoitando. Senta e prende un cigarro.

Off Ernesto

Eu entrei na cadea da Coruña e pasei o que lle chaman o Período, 24 horas incomunicado e paseino alí, na propia cadea, un sitio deprimente, estaba todo cheo de sangue polas paredes, a parede non sabías de que color era, totalmente cheo de sangue e de merda... A min metéronme un preso, o pobre home viña cunha tremenda síndrome de abstinencia e o tipo traía droga no cu, quitouna de alí e díxome váiteme por auga. Pero non hai auga. Pois estamos fodidos. E tan fodidos. Entón o tipo díxome que lle espremese un pouco de tomate e collín o tomate da ensalada e alí fixo o tipo a mistura e inxecouna e quedou novo e alá falamos un cacho. Despois marchou. E eu quedei con medo de que me metesen outro, porque alí dentro tes a idea de que alí é todo unha salvaxada que te agreden e..., logo non é nada diso. Pero claro, a primeira impresión... Eu dixen quero estar só, estando só sentíaste máis seguro, cada vez que sentía pasos pensaba vanme meter un... Lembro que me tapaba e quedaba durmido e cando espertaba só pasaran 10 minutos. O tempo no cárcere non che dá pasado, o recordo que teño que o tempo non dá pasado.

Off Ernesto

Creo que o reparto era así, desde o chan cara arriba: Eu, Boiro, Gol-dí e a Muda. Boiro falaba sen parar e en voz alta, cunha voz metálica coa que imitaba moi ben o motor dos coches de rally. Andaba sempre co seu coitelo tallando carros de vacas. Estaba alí por matar a un home. «Metinlle dúas puñaladas, así sa-sa, directas ao corasón». Uns dicían que fora por unha estafa, outros que por ciumes. La Muda era un colombiano xordomudo, noviño, co pelo crecho e roxo, que sempre tiña un sorriso na cara e a quen chamaban «La putita de la segunda». Un día despois de comer entrou na nosa cela o Cabo da Galería (o preso de confianza dos funcionarios, un tipo musculoso,

de pelo longo, que sempre levaba un chándal do exército español). El e outro preso subiron ata a liteira da Muda. Ernesto e eu estabamos sentados abaixo. Oíamos como a suxeitaban e comezaban un xogo que en realidade era o inicio dunha violación. Seguro que dixeron moitas máis cousas, pero a min quedóuseme gravada na memoria: «déjame pellizcarte las tetitas, puta!»

Despois de oír as declaracións de Ernesto, Goldi fala sentado no chan.

A xente que non estivo presa non sabe o que é estar dentro. Boiro explicóunolo moi ben: «A ti métente no cárcere, pero é o cárcere o que se che mete dentro e nin te decatas. É coma unha choiva miudiña que parece que non vai mollar, e un día decátaste de que estás calado ata os ósos».

Nós non chegamos a sentir como propio ese illamento. (*Levantándose*) Quizais por iso, nada máis saír do 2º grao, (*vai poñendo o pantalón*) César e Ernesto presentáronse nunha rolda de prensa para denunciar publicamente as arbitrariedades e inxustizas cometidas polos funcionarios e o sometemento que esixían aos presos. Ernesto meteuse tanto no seu papel de Pantera Negra que se foi empoleirando ata sacar o tema das chamadas telefónicas, a principal forma de conexión co exterior que existía. (*vai poñendo os zapatos*) Contou que o Réxime Interno establecía que cada preso tiña dereito a dúas chamadas ao mes, pero pedíndollo con respecto e submisión aos funcionarios podías chamar cando quixeras. A excepción convertíase en norma. O problema xurdía cando un funcionario quería reprimir a un interno, entón aplicaba estritamente o regulamento e non se podía protestar.

Mentres escoitaba as contundentes e necesarias denuncias de Ernesto, César non deixaba de pensar que esa noite eles dous terían que volver durmir ao cárcere. (*Vai poñendo o cinto*) Toda esa xente

que ao rematar a rolda lles daba palmadiñas no lombo iría tomar unha copa, comentaría o chingo que era o sistema penitenciario e se cadra volvería á casa acompañada. Pero eles non. Eles dous terían que volver esperar a que abrisen as portas para entrar no cárcere. Pasarían entre unha fila de funcionarios que non lles quitarían ollo. E logo entrarían nun barracón cheo de presos impacientes por telos diante. *(Fica en pe mentres di a última frase)* César tratou de convencerse a si mesmo de que as declaracións de dous simples insubmisos non transcenderían dentro do cárcere e pasou tranquilo o resto do día.

A realidade foi aínda peor. Os funcionarios oíran na radio as súas declaracións dicindo que permitían as chamadas para poder controlar aos internos e *(apagando a radio e gardándoa no peto)* decidiron aplicar estritamente o que dicía o regulamento: dúas chamadas ao mes e punto. Ao chegar ao pavillón do 3º grao caéronlles todo tipo de insultos. *(Vai recollendo as figuras)* Que eran uns fillos de puta. Que se por ler un par de libros pensaban que podían cambialo todo pola súa conta. Que alí todos eran perfectamente conscientes do que pasaba. Que cada quen tiña que convivir cos seus asuntos e non meterse nos dos demais. Que non foran crer que eran máis ca ninguén. Que a xente do 2º grao estaba moito máis cabreada, e que tivesen coidado de non atopar aos seus familiares de camiño ao cárcere, porque lles podía pasar calquera cousa.

Vai recollendo os telegramas.

Esa noite César coñeceu fisicamente o que era o medo, non a sensación de medo, senón o medo en si, como materia corpórea que ocupa un lugar no mundo. En canto quedaba durmido sentía como se lle fosen dar volta como á funda dunha almofada. O seu pesadelo era verse pechado nun barracón sen escapatoria, no medio dos abafantes pantanos de Florida, cheos de caimáns dispostos a dar boa conta del. Á mañá acordou enchoupado en suor salgada. Todo era real. Er-

nesto confesoulle que pasara a noite desexando que alguén o sacase da cama a golpes para que acabase aquela agonía. (*acaba de recoller os telegramas*) Desde ese día e durante dous meses non volveron acudir sós ao cárcere por medo a represalias dos familiares dos presos e durante o tempo de condena nunca máis volveron falar en público do que pasaba alí dentro. (*Poñendo o xersei*) César aprendeu que as ansias salvadoras duns activistas demasiado convencidos coma el e máis Ernesto podían levalos a cometer erros que se pagan caros, e comezou a dubidar de todo, tamén de si mesmo. Ou quizais xa era Goldi quen dubidaba de César.

No seu tempo libre, que era moito e era o único realmente libre que tiña, entregouse á lectura para atopar respostas convincentes a todas as preguntas que o asaltaban cada vez máis frecuentemente. (*Colle o libro de Marvin Harris*) Dúbdas que tiñan que ver coa utilidade real do seu sacrificio e da propia loita, provocadas pola soidade da vida penitenciaria e o choque cultural coas persoas presas. César devorou os libros de Marvin Harris, un antropólogo norteamericano moi popular naquela época, como se fose o último alimento existente sobre a terra capaz de iluminar o seu pensamento en crise. Flipaba coa explicación que daba a moitos costumes ancestrais supostamente irracionais. Por exemplo, Harris preguntábase por que as vacas son sagradas na India habendo tantas persoas que carecen dunha alimentación básica. E a César a súa explicación parecíalle totalmente crible: as vacas son máis útiles vivas ca mortas, porque son maiores os beneficios que aportan os seus excrementos como fonte de combustible ca a súa carne como fonte de proteínas.

Nun arrebatado de ousadía, César intentou aplicar a lóxica do materialismo cultural de Harris para responder preguntas sobre o comportamento dentro do cárcere (*garda o libro*): Por que se o teléfono é sagrado os presos non fan nada para solucionar a escaseza

de chamadas? (*recollendo a bolsa*) César relacionou a dificultade de acceso a un recurso básico como era a comunicación co exterior, coa conduta submisa desenvolvida polos presos. Entendeu que habería que considerar os custes e beneficios que proporcionaba esta conduta submisa e se había alternativas máis eficientes. Harris dicía que a conduta pódese estudar desde dous puntos de vista: o do participante nativo e o do observador alleo. César concluíu que o seu erro foi non ter en conta esta distinción e confundir o punto de vista do observador que tiñan eles dous co punto de vista do nativo carcerario que tiñan todos os demais. Porque estaba claro que para o benestar dos presos o acceso ao teléfono era moito máis importante que a inxustiza que supoñía depender da arbitrariedade dos funcionarios.

Volvendo falar no micro.

Non sei se será acertado aplicar o materialismo cultural ao estudo do comportamento dun grupo social como os presos, porque é o estado quen controla as súas condicións básicas de supervivencia dentro dun hábitat artificial, intencionadamente superpoboado e cunha escaseza de recursos perfectamente xestionada para que non desapareza nunca. Pero o importante para a nosa historia é saber como César descubriu que o cárcere é a negación de conceptos como vida social, comunidade e cultura, e un cruel pero eficaz proxecto de enxeñaría social.

Colle un sobre, saca unha carta e le.

«Querido César:

Ti máis ca ninguén deberías saber que cando a insumisión entrou no cárcere acadou unha dimensión persoal que superaba a súa vertente política, polo sacrificio individual que implicaba a perda de liberdade. Mentres se suspendía definitivamente a mili e o movemento

de insumisión gañaba o seu pulso ao estado, a separación entre o político e o persoal estoupaba dentro do cárcere. E como tantos outros rapaces insumbidos, comezaches a valorar máis a túa vida. Unha vida que durante os 14 meses do 3º grao quedou partida en dúas metades: polo día poñías todo o esforzo en desconectar do mundo da prisión e vivir; pola noite procurabas descansar para recuperar as forzas necesarias para enfrontarse á vida. Pouco a pouco, fuches quedando alí dentro do barracón cos espectros dos outros 40 ou 50 presos, vendo películas románticas de adulterio e vinganza protagonizadas por Kevin Costner e Madeleine Stowe. Quen durmía no cárcere seguías sendo ti. Pero quen saía pola porta da prisión cada día ás sete da mañá xa era Goldi.

Grazas por todo. Non loites máis e durme. Unha aperta forte,
Goldi»

Vai ao piano e canta:

GOLDI SONG

Non loites máis, durme
Pequeno César, ven
E mira nos teus soños libres
Como vas mudar de pel
Ti sofre a noite sen fin
Que ao chegar a mañán
Ese que en ti existe, Goldi
É o que vai botar a andar
E non preguntes como foi
Non é máis ca un falso final

No que hai que se deixar vencer
Para ser capaz de gañar
Non loites máis, durme
Pequeno César ven
E mira nos teus soños libres
Como vas mudar de pel
Na vida hai vidas que van
Facendo outras acabar
E a vida empeza cada vez
Que deixas unha atrás

Recitado:

Sempre ía no tren estudando. Quitei Fisioloxía animal e Edafoloxía. Se me chega a caer un ano máis de condena tería rematado a carreira. En Santiago compartía un cuarto con Susi nunha casa da zona vella. Ir ao piso de Abril Ares era como descubrir América cada día, porque para chegar había que pasar polo Bar Atlántico. Ela traballaba todo o día, eu non estaba pola noite. Deixabamos mensaxes nun caderno. Ela preguntaba se aproveitara ben o tempo e asinaba sempre quéro-te, Susi. Eu non daba chegado e botábaa de menos. Ensaíaba todas as tardes en Bornais, fóra da cidade. Un texto de Koltès. Dous homes que non se coñecen e quizais nunca deberon coñecerse...

Non loites máis, durme
Pequeno César, ven
E mira nos teus soños libres
Como vas mudar de pel

Ti sofre a noite sen fin
Que ao chegar a mañá
Ese que en ti existe, Goldi
É o que vai botar a andar

GOLDI
FÓRA DA CADEA
IN SUBMISIÓN!



